

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 12/07/2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: **Dar conta da oferta presentada por NEW LIVE PROMOCIONES CULTURALES, S.L. (B94136066), para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do “Servizo de patrocinio publicitario do festival Atlantic Fest 2024, a celebrar no municipio de Vilagarcía de Arousa os días 19, 20 e 21 de xullo de 2024, como festival incluído na marca Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia.” (Expte.-2024029416)**

Por Resolución Presidencial número 2024005401 de data 26/06/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do “Servizo de patrocinio publicitario do festival Atlantic Fest 2024, a celebrar no municipio de Vilagarcía de Arousa os días 19, 20 e 21 de xullo de 2024, como festival incluído na marca Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia”.

Na citada resolución tamén se acorda invitar á empresa NEW LIVE PROMOCIONES CULTURALES, S.L. (B94136066) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que se produce o día 26/06/2024.

A empresa NEW LIVE PROMOCIONES CULTURALES, S.L. (B94136066) presentou a proposición con data 02/07/2024, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento. A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	32.000,00 €
IVE (21 %)	6.720,00 €
Importe ofertado con IVE	38.720,00 €

A Mesa de Contratación, queda enterada da oferta presentada pola empresa NEW LIVE PROMOCIONES CULTURALES, S.L. (B94136066) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do “Servizo de patrocinio publicitario do festival Atlantic Fest 2024, a celebrar no municipio de Vilagarcía de Arousa os días 19, 20 e 21 de xullo de 2024, como festival incluído na marca Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia.”

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

(Documento firmado electrónicamente)

